

O parlamento dos paxaros



*Aquí comeza o parlamento dos paxaros*

Tan curta a vida, tan longa a arte,<sup>15</sup>  
tan duro o esforzo e a vitoria por vivir,  
tan cedo o temoroso pracer parte:  
tal é o Amor para min, un urdir  
arteiro que abraía o meu sentir  
dun xeito tan amargo que ben mirado  
non sei se afundo ou sobrenado. 7

Xa que de feito nin sei moito de Amor  
nin como premia os que nel se aplican,  
sobre os seus milagres e cruel rancor  
moito leo nos libros e neles indican  
que é amo e señor: moi ben o explican.  
Xa que os seus golpes fan tanto mal,  
só pido que Deus nos salve dun señor tal! 14

Para facer uso del, ben por pracer  
ou por saber máis, libros reviso.  
E, por que vos falo disto? Ides ver.  
Á procura de saber o que preciso  
atopei un libro que falaba xusto diso,  
escrito con caracteres de outrora.  
Lendo nel pasei do día cada hora. 21

---

15 Esta frase é unha adaptación do proverbio clásico latino *Ars longa vita brevis*, que adoita atribuírse a Hipócrates nos seus escritos médicos. Aquí aplícase ao tema amoroso, mais como unha formula retórica clásica. Era común citar un proverbio, unha sentenza ou frase proverbial ao comezo dos poemas medievais.

Pois, como din os máis, do campo antigo  
 sae o novo gran cada ano no seu momento,  
 dos vellos libros, así volo digo,  
 a xente aprende novo coñecemento.  
 Mais, retomando o meu argumento:  
 gocei tanto ao ler do que estou falando  
 que o día enteiro se me foi voando. 28

O volume do que fago mención  
 tiña o seguinte título e autoría:  
 “Tulio, sobre o soño de Escipión”.<sup>16</sup>  
 En sete capítulos se dividía:<sup>17</sup>  
 ceo, inferno, terra... e as almas que alí vivían.  
 Quero, se podo ser breve e preciso,  
 contarvos o esencial dun xeito conciso. 35

Cóntase como Escipión, primeiro,  
 viu a Masinisa cando a Africa chegou<sup>18</sup>  
 e con ledicia apreixouno enteiro.

---

16 O soño de Escipión, *Somnium Scipionis*, é como se coñece a parte final da obra de Marco Tulio Cicerón *De re publica* [A república]. Esta afamada obra, tratado de filosofía política e moral, non foi moi coñecida no seu conxunto na época medieval. Porén, esta derradeira parte sobre o soño si foi moi popular polo comentario extenso que fixo Macrobio, citado no verso 111. Pensamos que Chaucer leu ambas as dúas cousas, o relato do soño e máis o comentario, aínda que no poema só menciona o soño no que o seu protagonista, o xeneral romano Escipión o novo, se atopa co seu avó Escipión o vello, que tiña o alcume de “O Africano”. O soño é principalmente un diálogo filosófico entre os dous. O comentario de Macrobio tivo moita influencia na Idade Media pola súa exposición da doutrina neoplatónica e por ser unha fonte de información case enciclopédica sobre un feixe dos seus temas: aritmética, astronomía, a música das esferas, xeografía, a inmortalidade da alma, etc.

17 Nin Cicerón nin Macrobio escribían en capítulos, na moderna acepción do termo. Máis ben, o inglés medio *chapters* ten o mesmo uso ca o latín *capitulum*, que se refería aos temas principais sobre os que versaba un escrito ou un volume.

18 Masinisa foi o lonxevo rei de Numidia, a actual Libia. Os dous Escipiós coñecérono persoalmente. Aínda que foi aliado de Cartago aos inicios, cando Escipión o Africano expulsou os cartaxineses de Hispania no 206 a.C. Masinisa convértese nun aliado importante de Roma. O encontro co novo Escipión puido ter lugar durante a terceira guerra púnica (149-146 a.C.) na que Cartago foi arrasada por completo.

Despois cóntase o que con el falou,  
 como ata o solpor con el ben o pasou  
 e como o Africano benquerido  
 se lle apareceu cando quedou durmido. 42

Como o Africano lle mostrou Cartago  
 e sobre o seu futuro lle fixo mención,  
 despois cóntase, dende un sitio estrelado;  
 e que a xente virtuosa, con ou sen formación,  
 que polo ben común tivese paixón,  
 irá a un lugar cheo de felicidade  
 onde a ledicia dura unha eternidade. 49

Preguntoulle Escipión se os finados  
 teñen vida e morada noutro lugar  
 e díxolle o Africano: “Si, sen dubidalo;  
 pois neste mundo o noso transitar  
 non é máis ca un xeito de finar.  
 Os xustos tras morrer irán ao paraíso”.  
 E a Galaxia ensinoulle despois diso.<sup>19</sup> 56

O pouco que hai de terra mostroulle,  
 en comparación co ceo; e axiña  
 as nove esferas amosoulle<sup>20</sup>

---

19 A Vía Láctea. Chaucer segue nisto o sinalado no *Somnium Scipionis*. A Vía Láctea é onde Macrobio sitúa o soño, pois era o lugar onde moraban as almas virtuosas, e tamén o camiño de tránsito entre a terra e o ceo.

20 O pensamento medieval representaba o universo nun debuxo onde a terra era un corpo central inmutábel cinguido por unha serie de oito ou nove esferas concéntricas que xiraban sobre si mesmas. Cicerón sinala que a máis externa de todas era o ceo, que tiña as estrelas fixas, e dentro dela ían o resto: Saturno, Xúpiter, Marte, o Sol, Venus, Mercurio e a Lúa. Para Cicerón a Terra sería a novena esfera, mais outros autores déixana fóra da conta. Pensábase que o movemento das esferas producía un fermoso son harmónico, inaudíbel dende a Terra, ás veces conectado cos tons da escala diatónica. Esta teoría ten a súa orixe en Pitágoras e na súa idea de que o universo estaba rexido por proporcións numéricas harmoniosas onde o movemento dos corpos celestes segundo a

e logo escoitou o son que tiñan,  
 que das tres por tres esferas viña,  
 fonte da música, da melodía  
 neste mundo, e orixe da harmonía. 63

Xa que a terra era un pequeno lugar  
 cheo de desgrazas e de enganos,  
 do mundo, díxolle, non debía gozar  
 pois tras un certo número de anos<sup>21</sup>  
 cada estrela ao seu lugar de antano  
 volverá. E os feitos da humanidade  
 esqueceranse na eternidade. 70

Como alcanzar tal gozo celestial  
 Escipión quería axiña pescudar.  
 Contestoulle aquel: “Asume que es inmortal,  
 primeiro, e o ben común tenta procurar.  
 Se o fas con arela non vas deixar  
 de ir ben lixeiro a ese lugar benquerido,  
 de almas limpas e de ledicia enchido. 77

Mais os que quebrantan a lei, de feito,  
 e os lascivos, cando son finados,  
 teñen que ir penando un longo treito  
 cheos de medo. Despois, tras ser perdoados  
 pola súa vida de feitos malvados,  
 irán ao lugar de felicidade cheo  
 onde Deus outorga a súa graza arreo”. 84

---

representación xeocéntrica do universo se rexía por proporcións musicais.

21 Isto refírese ao tempo que ten que transcorrer ata que os corpos celestes volvan á súa posición orixinaria. Macrobio di que ese tempo eran 15 000 anos solares. Jean de Meun, na segunda parte d’*O romance da rosa*, di que 36 000. Por iso pode que Chaucer, lector de ambos os textos, diga “certo número”, sen decantarse por unha nin outra cifra.

Esvaécese o día, e a escuridade  
que priva as bestas todas do seu bulir  
quitoume o libro, xa sen luz nin claridade,  
e tras vestirme fun ao leito durmir,  
mais coa mente chea de fondo sentir  
pois tiña a un tempo o que non quería  
e aquela cousa pola que devecía. 91

Esgotado polos labores do día  
o meu espírito deuse por vencido.  
E no meu soño, alí mesmo onde xacía  
–pois acouguei e quedei ben durmido–  
vin o Africano levando o mesmo vestido  
que Escipión lle viu levar. Ben dereito  
alí ficaba ao carón do meu leito. 98

O canso cazador, ao durmir na cama,  
volve á foresta de novo co pensamento.  
O xuíz soña como o seu preito se amaña.  
O carreteiro, co seu carro en movemento.  
O rico, con ouro. O señor, co enfrontamento.  
O doente soña que bebe dun tonel.  
O amante, que ten a aquela amada por el. 105

Non sei ben se foi por isto. Pode ser.  
Xa que lin antes sobre o Africano  
por iso diante de min o podía ver.  
Tal me dixo: “Fuches tan considerado  
ao ler o meu libro, vello e desgastado,  
polo que Macrobio tivo paixón,<sup>22</sup>

---

22 Macrobio foi un escritor e gramático romano que viviu no derradeiro cuarto do século iv. Apenas temos datos da súa vida, e das obras da súa autoría só chegou completo ata nós o anteriormente mencionado comentario, *Commentarii in Somnium Scipionis*.

que quero compensarte pola túa acción”. 112

Oh, Venus, doce e ditosa dama<sup>23</sup>  
 que fas que este soño poida ter,  
 que a todos vences coa túa chama,  
 axúdame como mellor poida ser!  
 Xa que nun punto estraño te estiven a ver<sup>24</sup>  
 cando o meu soño comecei a escribir  
 dáme folgos para podelo concluír. 119

Este Africano sen amosar preguiza  
 levoume fóra xusto ata a entrada  
 dun parque cun muro cheo de carriza.  
 Na porta, cunha letra ben traballada  
 había unhas liñas ben plantadas  
 enriba das follas, de contido dispar,  
 e deste xeito volo podó contar: 126

---

23 No orixinal, Cytherea, epíteto de Venus. Este nome de Venus ten relación co latín Cythereus e co grego Κυθήρειος, ‘de Citera’, illa na que se veneraba a Afrodita, pois pensábase que alí xurdiu da escuma do mar. Aquí aparece personificada coma unha deusa que porta unha chama.

24 No texto orixinal dise “As wisly as I sey the north-north west”, que literalmente quere dicir “Xa que te estiven a ver no nor-noroeste”. O sentido desta frase foi obxecto de moito debate por parte da crítica especializada. As explicacións astronómicas literais non teñen sentido, pois Venus como planeta nunca se ve dende Londres nese punto astronómico, e Chaucer sabía moito de astronomía, como se comproba na súa obra de finais do século xiv *A Treatise of the Astrolabe* (“Tratado do Astrolabio”). Por iso unha boa parte da crítica, coa que concordo, pensa que é un modismo co sentido de ‘lugar desapropiado’, ‘situación pouco propicia’, ‘punto estraño e inesperado’. Isto, por exemplo, aparece séculos máis tarde en *Hamlet* cando o protagonista di na escena segunda do acto segundo: “I am but mad north-northwest” (315) [“Toleo só ao nor-noroeste”]. O famoso filme de Alfred Hitchcock *North by Northwest* (1959) tamén xogaba na súa trama cun personaxe a piques de tolear por atoparse nunha situación pouco propicia. Lamentablemente, o título en castelán tanto na distribución española –*Con la muerte en los talones*– coma na hispanoamericana –*Intriga internacional*– non reflectía o sentido da expresión.



“Por min se chega a ese ditoso lugar<sup>25</sup>  
 que cura o corazón e as mortais feridas;  
 por min a fonte da graza pódese alcanzar.  
 Nel o verde e sensual Maio terá vida  
 por sempre. Esta é a venturaira vía.  
 Goza, lector, e o teu pesar afasta enteiro;  
 aberta estou, entra e pasa lixeiro!” 133

“Por min se chega”, a outra dicía,  
 “aos golpes mortais da lanza punxente  
 dos que Desprezo e Desdén son guía.<sup>26</sup>  
 Árbores, sen froito, folla e semente.  
 Ata a vaira triste leva esta corrente  
 onde morre enxoito o peixe en prisión.  
 Non pasar é a única solución.” 140

Alí escritas, en dourada e negra cor  
 estas liñas coas que quedei pasmado,  
 pois unhas aumentaban o meu temor  
 e outras facíanme sentir ousado.  
 Cunhas quecín, coas outras sentinme xeado.

---

25 Esta imaxe presenta unha única porta de entrada, mais con dúas inscricións contraditorias. Ese “Por min se chega” é un claro reflexo do “Per mi se va” que figuraba nas portas do *Inferno* de Dante; no seu caso non había optimismo ningún, mais no caso de Chaucer esta contradición na entrada reflicte o propio carácter paradoxal do amor, como querendo dicir: “se entras aquí aceptas que o amor pode saír ben, pode saír mal”.

26 No orixinal “Disdayn and Daunger”. “Daunger” non ten o sentido moderno de “Danger” (‘perigo’), senón que era un concepto máis conectado co desprezo das damas ao rexeitaren os que solicitaban o seu amor. N’*O romance da rosa* esta situación está moi ben descrita, e como texto representativo do amor cortés define moi ben ese comportamento. O famoso escritor e medievalista C. S. Lewis, no seu ensaio sobre o amor e a tradición medieval describe “Danger” como: “o desplante directo, o desaire da dama lanzado desde a altura do seu señorío, o seu orgullo envolto de súpeto coma unha vestidura, e talvez a súa ira e desprezo”. (LEWIS 1936: 124: “it means rather the rebuff direct, the lady’s snub launched from the height of her ladyhood, her pride suddenly wrapped about her as a garment, and perhaps her anger and contempt”).

Dubidei, sen saber ben que elixir:  
salvarme, perderme, entrar ou fuxir. 147

Xusto como unha peza de ferro feita,  
posta entre imáns de forza semellante,  
pois unha atrae, outra rexeita,  
e non vai nin atrás nin adiante,  
así estaba eu, sen saber nese instante  
se entrar ou liscar; Africano, meu guía,  
empurroume ata as portas mentres dicía: 154

“Aínda que non o esteas a sinalar,  
na túa faciana confusión percibo,  
mais non teñas medo de pasar,  
pois os versos non teñen que ver contigo  
salvo que sexas servente de Cupido.  
Como ao doente nada lle sabe doce nin salgado,  
ti perdiches o sabor do Amor, ben mirado. 161

Porén, aínda que non teñas azos,  
o que non podes facer podes contemplar;  
moitos homes que non aguantan broucazos  
con agrado ven a outros pelexar  
e deciden se este ou aquel vai gañar.  
Se tes arte para esta historia concluír,  
vouche contar do que podes escribir.” 168

Dito isto, colleu coa súa man a miña,  
deume solaz, e axiña cruzamos a entrada.  
Meu Deus, que ledicia, que gozo tiña!!  
Pois alí onde pousaba a mirada  
víanse árbores de eterna foliada,  
de moitas clases, dignos de ver, cun verdor  
esmeraldino de frondoso esplendor. 175